



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

1º CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Recoñecer e contextualizar histórica e estéticamente, cada estilo musical en función das súas características.
- Aprender a empregar unha bibliografía adecuada de forma autónoma, na construción do coñecemento da historia musical.
- Coñecer e comprender a música de cada época en relación cos conceptos estéticos imperantes e saber aplicar ditos coñecementos á interpretación do repertorio de estudo.
- Relacionar a creación musical co resto de actividades artísticas e coa sociedade na que aparece.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Comprender e valorar o interese artístico da música medieval.
- Entender e apreciar as técnicas compositivas empregadas na música deste período, como base da apreciación estética da mesma.
- Coñecer os alicerces da notación musical occidental, as súas orixes e o seu desenvolvemento.
- Entender as principais características das “sociedades medievais”, e a súa influencia na creación musical de cada período.
- Relacionar os procesos compositivos da música do período con técnicas da música contemporánea.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

A monodia na idade media: As primeiras liturxias cristiás. A formación e codificación do gregoriano e a súa evolución posterior. A monodia profana. O organum primitivo: Saint Martial e Códice Calixtino. A Escola de Notre-Dame. O Ars Antiqua. O Ars Nova en Fráncia: Guillaume de Machaut. A música do trecento en Italia. O Ars Subtilior a finais do século XIV. A música inglesa no século XV. A escola borgoñona: Guillaume Dufay e Gilles Binchois.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Análise de estruturas modais. Apreciación do ritmo libre en oposición ao ritmo métrico. Recoñecemento e decodificación de notacións antigas. Análise de características de obras polifónicas (número de voces, textura...). Identificación auditiva de “consonancias e disonancias” no período medieval. Recoñecemento de estruturas formais simples e desenvolvidas. Manexo de bibliografía básica.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Valoración de elementos musicais “estraños” á música “clásica” occidental (monodia, ritmo libre...).
Interese polo descubrimento de novas técnicas compositivas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a través da audición e/ou partitura, obras de diferentes períodos e describir os seus trazos estilísticos máis característicos.
- Interrelacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e o pensamento.
- Identificar as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos da historia da música.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Realización de exercicios escritos de carácter práctico, que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras.
- Realización de exercicios escritos sobre diversos contidos, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.
- Realización de pequenos e sinxelos traballos de investigación sobre algún dos contidos tratados durante o curso. Ditos traballos serán realizados preferentemente en grupo co obxectivo de fomentar a discusión e a reflexión sobre o feito histórico.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN DE SETEMBRO

- Realización dunha proba escrita consistente en preguntas curtas e preguntas a desenrolar, así como análise de partituras e/ou audicións.

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de música con lector de CD.
- Discografía para as audicións aportada polo profesor (ante as carencias do centro).
- Televisor.
- Lector de DVD.
- Bibliografía básica para consulta en sala: dicionarios e manuais de referencia (subministrados pola biblioteca do centro e en parte da biblioteca privada do profesor que imparte a materia).



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

2º CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Recoñecer e contextualizar histórica e estéticamente, cada estilo musical en función das súas características.
- Aprender a empregar unha bibliografía adecuada de forma autónoma, na construción do coñecemento da historia musical.
- Coñecer e comprender a música de cada época en relación cos conceptos estéticos imperantes e saber aplicar ditos coñecementos á interpretación do repertorio de estudo.
- Relacionar a creación musical co resto de actividades artísticas e coa sociedade na que aparece.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Comprender e valorar o interese artístico da música do renacemento e do barroco.
- Entender e apreciar as técnicas compositivas empregadas na música destes períodos, como base da apreciación estética das mesmas.
- Valorar a relación entre música e texto, no manierismo e no barroco.
- Coñecer o xurdimento e evolución da música para instrumentos.
- Entender os procesos sociais, culturais e estéticos que levan ao xurdimento da ópera, e a súa extensión en Europa.
- Discernir os elementos de carácter musical que levan a aparición e consolidación da música tonal.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

A primeira xeración de músicos ultramontanos dende Ockeghem a Josquin. A escola franco-flamenca na primeira metade do século XVI e o estilo internacional. A música en Francia, Italia e Alemania. A aparición da música instrumental. A música do renacemento na península ibérica. Os modelos da polifonía no final do renacemento: Orlando di Lasso e Giovanni Pierluigi da Palestrina. Os madrigalistas e a expresión do texto: de Cipriano de Rore a Carlo Gesualdo. A escola veneciana: os Gabrieli. Música do barroco temperán: o inicio da ópera. Música vocal de cámara e relixiosa. A música instrumental. O barroco pleno: a música italiana. A música francesa. Outras escolas periféricas: Inglaterra, España, Alemania. O barroco tardío: a ópera no século XVIII. A música instrumental da primeira metade do século XVIII. Música relixiosa do barroco final.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Análise de características de obras polifónicas (número de voces, textura...). Discriminación de instrumentos. Recoñecemento de estruturas formais simples e desenvolvidas. Análise auditivo de estruturas modais e tonais. Manexo de bibliografía básica.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Interese polo descubrimento de repertorio menos coñecido. Apreciación das características intrínsecas da música vocal e a súa relación coa música instrumental.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a través da audición e/ou partitura, obras de diferentes períodos e describir os seus trazos estilísticos máis característicos.
- Interrelacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e o pensamento.
- Identificar as circunstancias de todo tipo (políticas, culturais, económicas, ideolóxicas) que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autores máis representativos da historia da música.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Realización de exercicios escritos de carácter práctico, que consistirán na análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras.
- Realización de exercicios escritos sobre diversos contidos, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.
- Realización de pequenos e sinxelos traballos de investigación sobre algún dos contidos tratados durante o curso. Ditos traballos serán realizados preferentemente en grupo co obxectivo de fomentar a discusión e a reflexión sobre o feito histórico.
- Na convocatoria de setembro a actividade de avaliación consistirá na realización dun exercicio escrito con dúas partes: unha de carácter práctico, que consistirá na análise auditiva e/ou sobre partitura de diversas obras; a segunda consistirá nunha serie de preguntas de diferente complexidade, que permitan avaliar se o alumnado é capaz de sintetizar nun esquema de coñecemento, todos os diferentes aspectos illados que se trataron na aula.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de música con leitor de CD.
- Discografía para as audicións aportada polo profesor (ante as carencias do centro).
- Televisor
- Leitor de DVD,
- Bibliografía básica para consulta en sala: dicionarios e manuais de referencia (subministrados pola biblioteca do centro e en parte da biblioteca privada do profesor que imparte a materia)



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

3º CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Aprender a empregar unha bibliografía adecuada de forma autónoma, na construción do coñecemento da historia musical.
- Relacionar a creación musical co resto de actividades artísticas e coa sociedade na que aparece.
- Comprende-las principais características das diferentes correntes histórico estilísticas pertencentes ó período situado entre os finais do século XVIII ata o final do XIX, con vistas a proporcionar criterios interpretativos válidos e coherentes, extensivos ás súas execucións habituais.
- Coñecer, a través do análise e a audición, un repertorio básico e significativo de obras musicais propias do período estudado, con vistas a ampliar e diversifica-los seus gustos musicais.
- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

O Preclasicismo: Rococó, style galant, os sinfonistas italianos, Empfindsamkeit.

Os clásicos iniciais. O Clasicismo pleno. A ópera: tipos; a reforma de Gluck. A nova ópera. As formas musicais: escolas.

Os inicios do Romanticismo. A arte romántica. Os diferentes compositores no contexto europeo. O piano. O lied. A música sinfónica. Música de cámara. A ópera.

O Nacionalismo no século XIX.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (medios de información, bibliografía, Internet, etc.)
- Visualización e/ou escoita de obras das diferentes correntes histórico estilísticas.
- Audicións comparadas.
- Realización de comentario de texto literario musical.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

- Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, para describi-las características de cada corrente ou compositor estudado.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Responsabilidade ante a asistencia, e puntualidade, ás clases.
- Interese pola audición de músicas pertencentes ás diferentes correntes do século XX
- Actitude favorable ante a escoita de música de distintas épocas e repertorios, máis aló do que supón o repertorio do instrumento principal da súa especialidade.
- Interese por investigar e analiza-los motivos da evolución das correntes en función do papel da música na sociedade.

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Televisor e vídeo.
- Ordenador e proxector (“canón”).
- Lector de DVD
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, e mailas fotocopias das partituras.
- Audicións musicais das distintas correntes histórico estilísticas tratadas, ou ben de autores concretos.
- CDs coas audicións tratadas.
- Vídeo, conectado ben ó monitor de televisor da aula, ou ben directamente ó proxector.

EVALUACIÓN

1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece-las características de cada corrente histórico estilística tratada, así como o que supón na evolución do tratamento dos elementos da música.
- Recoñece-las obras escoitadas na clase, especificando claramente o autor, nome da obra, e



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

corrente a que pertence.

- Situar correctamente as obras propostas, non tratadas na clase, en coordenadas histórico estilísticas precisas.
- Contextualiza-las obras tratadas.
- Elaborar comentarios de texto literario musical, extraendo deles as ideas máis significativas, contextualizándoos e comprendendo o seu alcance e proxección.
- Empregar un léxico apropiado, redactando con corrección e sen cometer erros na escritura (faltas de ortografía, problemas de redacción, presentacións pouco axeitadas, etc.)

2.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común, así como dos datos aportados por cada grupo de traballo ou individuo.
- Traballos individuais ou en grupo.
- Probas orais e escritas:

3.- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

O sistema de cualificación por excelencia basearase no exame realizado, da seguinte forma:

- Serán realizadas dúas ó longo do curso, unha por cuatrimestre.
- Nelas, ademais dun tema xeral, e varias preguntas curtas, deberán comentar unha serie de audicións escoitadas, e realizar un pequeno comentario de texto.
- O tema xeral, que responde ós contidos conceptuais, terá sido impartido nas sesións de clase.
- As preguntas curtas farán referencia a calquera dos aspectos tocados na clase; ademais da exactitude da resposta, valorarase a capacidade de síntese e o emprego dun vocabulario axeitado.
- O comentario de texto deberá ser contextualizado, sinalando aqueles puntos máis destacados e relacionándoo coa corrente histórico estilística que lle corresponda; o alumnado poderá referirse, ademais, a outras cuestións que coñeza e que considere de interese aportar.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

- As audicións serán de dous tipos:
 - Obras escoitadas en clase: será obrigatorio recoñecelas, especificar corrente á que pertencen, autor e obra en concreto (caso de tratarse de un movemento concreto, non será esixible dicir cal)
 - Obras non escoitadas na clase: será preciso enmarcalas á perfección na corrente histórico estilística á que pertence.
- En ámbolos dous casos, é necesario comenta-las súas características, e contextualizalas.
 - O profesorado non advertirá cales das obras pertencen a un o outro apartado, isto é, se foron ou non escoitadas nas sesións de clase.
- En caso de non supera-la proba, o alumnado deberá repetila en xuño.
- Dado que se trata do penúltimo curso dos estudos superiores da maior parte das especialidades, e o carácter de materia común a todas elas (e das poucas nas que priman os contidos conceptuais), se valorará a expresión e a corrección na escritura, en forma dada a coñecer ó alumnado no seu momento, e previamente á realización das probas escritas.
- Para a recuperación en setembro da materia pendente o alumnado realizará un exame específico de todo o visto en clase. Cando por motivos xustificadas non puidera ter asistido ás sesións habituais de clase, non se esixirán os instrumentos vistos nela, pero tampouco poderá considerarse unha avaliación en igualdade de circunstancias cos examinados en xuño, con vistas a evitar favorecer a non asistencia a clase, xa que resultaría antipedagóxico.
- Non quedará pendente en setembro a materia completa, senón un parcial ou dous (ou ámbolos dous, en caso de non aprobaren ningún deles en xuño), ou ben as audicións correspondentes a un parcial, outro, ou ambos.
- Outras actividades previstas servirán para subir nota, non excedendo nunca do 10% da nota final debida á media de ámbolos dous exames.
- Cada exame deberá ser superado integramente e de xeito independente. As recuperacións serán realizadas na última semana do mes de maio, e no horario de clase.

4.- PUBLICIDADE AO ALUMNADO E PAIS

O alumnado será informado do resultado dos exames á semana seguinte da realización destes. Non se exporán as notas no centro, senón que se entregarán os exames corrixidos na clase evitando, así, as comparacións entre uns e outros, dada a diferenza máis que apreciable de nivel de preparación

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

humanística entre o alumnado das diferentes especialidades, tendo en conta o actual sistema de acceso ós estudos superiores pola proba especial, que apenas pode ter en conta a cultura do alumnado, vital para as materias de índole teórica.

PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A educación ambiental será tratada a través do interese despertado polo estudo dos materiais empregados na construción de determinados instrumentos musicais, e a consideración polo silencio en calquera actividade de índole musical.

A educación para a saúde tratarase observando a práctica musical en todos os instrumentos. En xeral, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, incide positivamente no equilibrio persoal e anímico das persoas, tanto desde o punto de vista do oínte como do intérprete ou do creador.

A educación para a paz e a tolerancia é, sen dúbida, a que maior peso ten nesta materia, ó trataren as músicas de diferentes épocas e lugares do mundo, o que abre a mente do alumnado cara outras culturas, máis ou menos afastadas da propia.

A educación para o lecer estará presente na materia xa que, ó mostrar músicas descoñecidas para o alumando, favorece o seu interese pola asistencia a concertos, exposicións de instrumentos, etc. Desde este mesmo punto de vista traballárase a educación do consumidor, desenvolvendo no alumnado unha actitude crítica ante o feito musical, a través das audicións, propiciando o aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música

Respecto á educación moral e cívica, a música posúe un destacado compoñente de contidos actitudinais baseados non só no respecto e acatamento das normas, senón tamén na necesidade da súa existencia. Na materia terase en conta a actitude de escoita ós demais, o respecto mutuo ás opinións, a puntualidade, a orde na clase, etc

TICs E FOMENTO DA LECTURA

O profesorado recomendará a lectura de obras relacionadas cos contidos estudados, sexan ensaios ou ben narrativas, considerando as revistas e publicacións en xeral de musicoloxía presentes na biblioteca do centro.

O traballo relacionado coas TIC realizarase a través da busca de información en Internet, o que permite ós e ás discentes aproximarse ós temas tratados sobre determinados instrumentos,



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

agrupacións, culturas, feitos históricos, empregando arquivos MIDI e mp3, fotografías, visita a páxinas web de música culta, etc.

De igual forma, poderán empregar os xornais, revistas especializadas e determinados programas de radio e televisión, para completar e ampliar a información recibida en clase.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non se prevén, dadas as dificultades de organización de horarios coas outras materias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No presente curso, non hai que asumir ningunha medida excepcional de atención á diversidade, ó non contar con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Sen embargo, si se terá presente un principio de atención á diversidade máis xeral, debido á riqueza do alumnado no grupo clase. As medidas concretas a tomar serán:

- Facilitar a participación de aqueles máis coñecedores da música dos períodos tratados.
- Achegar as explicacións sobre o instrumental ó alumnado de cada un relacionado na música culta occidental, de maneira que se atenda, en cada explicación, á familia do instrumento desde os máis coñecedores del, que poden transmitir os seus coñecementos ós demais.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

4º CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Comprende-las principais características das diferentes correntes histórico estilísticas pertencentes ó período situado entre a transición ó século XX ata os nosos días, con vistas a proporcionar criterios interpretativos válidos e coherentes, extensivos ás súas execucións habituais.
- Coñecer, a través do análise e a audición, un repertorio básico e significativo de obras musicais propias do período estudado, con vistas a ampliar e diversifica-los seus gustos musicais.
- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.
- Entende-la música como unha arte indisolublemente unida ó noso mundo actual, independentemente da falta de apoio e interese da maior parte dos oíntes cara a estas manifestacións musicais.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- ✓ Elementos da música contemporánea. O fin do movemento romántico. Os elementos da música no século XX:
 - O ritmo: métrico e libre. Novos procedementos rítmicos.
 - A melodía.
 - A nova concepción harmónica do século XX, emancipación da disonancia; tonalidade e modalidade; politonalismo; outros sistemas.
 - A textura. Polifonía, homofonía. O contrapunto disonante.
 - A forma musical: a forma na música contemporánea. O formalismo do XX. As formas clásicas. A forma sonata.
 - A orquestración: nova concepción da orquestración. O papel dos instrumentos de vento. A percusión.
- ✓ A transición ó século XX: o Postromanticismo. Mahler, Strauss, Sibelius e Scriabin. Vida e música. Outros románticos tardíos (Wolf, Janáček...)
- ✓ O Impresionismo. Simbolismo literario e Impresionismo pictórico. Elementos da música no Impresionismo. Debussy e Ravel: vida e obra. Outros impresionistas.
- ✓ O Neoclasicismo. Os principios. Gebrauchsmusik. Stravinsky, vida, obra, pensamento. A música de Bartók. Paul Hindemith. A superación do Impresionismo en Francia: Satie e o Grupo dos



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

Seis.

- ✓ O Clasicismo: características. Busoni, Roussel, Casella. Clasicistas americanos: Piston.
- ✓ O Nacionalismo no XX: Características. Manuel de Falla. Os rusos: o punto de vista da URSS. Prokofiev e Shostakovich. Outros autores destacados. Britten e Vaughan Williams. O Nacionalismo americano: Ives, Copland; Villa-Lobos, Carlos Chávez.
- ✓ O Neorromanticismo: Orff; outros (Barber, Thomson...). A Xeneración dos Mestres: Olivier Messiaen.
- ✓ A música teatral: Weill, Gershwin, Bernstein.
- ✓ A Segunda Escola de Viena: Expresionismo, atonalidade, dodecafonismo. Schoenberg, Berg, Webern. Outros autores.
- ✓ A música de vangardias: Stockhausen, Boulez. Varese, Berio, Nono.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- ✓ Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (medios de información, bibliografía, Internet, etc.)
- ✓ Visualización e/ou escoita de obras das diferentes correntes histórico estilísticas.
- ✓ Audicións comparadas.
- ✓ Realización de comentario de texto literario musical.
- ✓ Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, para describi-las características de cada corrente ou compositor estudado.

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- ✓ Responsabilidade ante a asistencia, e puntualidade, ás clases.
- ✓ Interese pola audición de músicas pertencentes ás diferentes correntes do século XX
- ✓ Actitude favorable ante a escoita de música de distintas épocas e repertorios, máis aló do que supón o repertorio do instrumento principal da súa especialidade.
- ✓ Interese por investigar e analiza-los motivos da evolución das correntes en función do papel da música na sociedade.

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Televisor e vídeo.
- Ordenador e proxector (“canón”).
- Lector de DVD
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, e mailas fotocopias das partituras.
- Audicións musicais das distintas correntes histórico estilísticas tratadas, ou ben de autores concretos.
- CDs coas audicións tratadas.
- Vídeo, conectado ben ó monitor de televisor da aula, ou ben directamente ó proxector.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Todos os contidos referidos ás ideas xerais sobre a música do século XX, post romanticismo, e impresionismo serán impartidos no primeiro cuatrimestre.

Os contidos referidos á Segunda Escola de Viena, Neoclasicismo, Nacionalismos del XX e Vanguardias serán impartidos no segundo cuatrimestre.

METODOLOXÍA

Estratexias metodolóxicas

- Organización do tempo

A materia non se trata de forma illada, senón en relación á evolución das correntes histórico estilísticas, ó tratar, cronoloxicamente, a historia da música.

Cada sesión comezará con actividades de introdución - motivación baseadas no repaso do anteriormente explicado, e tendo en conta sempre os coñecementos previos, especialmente aqueles adquiridos nas materias do tipo “Historia das Escolas” ou similares, lembrando o aprendido nos cursos anteriores, así como interrelacionándoos cos coñecementos propios das materias de “Historia da Música”, tanto nos cursos precedentes como no terceiro ciclo do Grao Medio.

Ó tratar as actividades de desenvolvemento e, máis concretamente, ó traballar sobre audicións



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

representativas, se fará fincapé na organoloxía, con vistas a ofrecer unha visión suficiente, se ben non excesiva, da evolución do instrumental, así como nas características máis sobresaíntes da historia da arte e da cultura, sen esquecer a mención dos principais acontecementos históricos acontecidos en cada período tratado.

- Organización do espazo

Non é necesario establecer unha organización específica da aula nas sesións habituais. Cando se realicen traballos en pequeno grupo redistribuiranse as cadeiras pola sala, de maneira que o alumnado dunha mesma formación poida realizar facilmente os traballos que lle sexan encomendados. Neste caso, procurarase que non cadren xuntos no mesmo grupo instrumentistas da mesma especialidade, ou ben de familia similar.

- Principios metodolóxicos

- Actividade: o desenvolvemento da materia basearase na aplicación dun método activo, pois para estudar a historia resulta imprescindible facer audicións e análises; por iso, será fundamental participar nas distintas actividades programadas na clase.
- A unidade de teoría e práctica: os conceptos teóricos referidos ás correntes histórico estilísticas estarán vinculados constantemente coas distintas actividades propostas, e sempre baseadas na audición e/ou visualización das obras , como forma de interiorizar as aprendizaxes.
- Socialización: a través do traballo en equipo considerado nalgunha das actividades.

- Método didáctico empregado

Aprendizaxe por descubrimento: o alumnado partirá dos datos extraídos de cada audición e exercicio realizado, relacionando o aprendido co que xa coñece a través de outras materias, o a partires doutras actividades realizadas fóra do centro.

Interesa especialmente que o alumnado non perda de vista a importancia dos principios compositivos de cada época, coñecidos polos compositores. Non se trata aquí de respectar un principio de fidelidade histórica discutible, senón de considerar que o instrumental de determinada época cumpre (en canto ó timbre, empaste, expresividade...) unhas funcións non equiparables ás dos instrumentos actuais, por máis similitudes externas que teñan con eles.

Por tanto, as audicións comparadas deben ser un recurso cotián de traballo.

- Modelo de aprendizaxe



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

O modelo de aprendizaxe a empregar basease na aprendizaxe significativa, desde o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, adquiridos nos cursos anteriores do Grao Superior ou durante o Grao Medio, sen esquecer-la súa experiencia cotiá, desenvólvense contidos de forma estruturada (e coherente), de maneira que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe adquirido aumenta a capacidade de aprender. Sobre a base deste principio, terase presente que se debe:

- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado, ou que potencien a motivación que sente, de forma natural, ante a súa formación, non só musical, senón tamén cultural.
 - Crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos aprendidos e os propios doutras materias, con vistas a extrae-las súas propias conclusións sobre o emprego das sonoridades instrumentais polos compositores, correntes estilísticas, ou pobos
 - Garanti-la construción de aprendizaxes significativos e en espiral, a través da necesidade de lembra-los coñecementos relativos á organoloxía que adquiriron en “Historia das Escolas” e “Historia da Música”, sen esquecer aqueles tratados nos estudos de réxime xeral, así como a súa formación persoal.
 - Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción, como motor de aprendizaxe, en relación coas diferentes idades do alumnado, e as diversas especialidades instrumentais, potenciando a súa busca de información noutras fontes.
- Profesorado
 - Actitude positiva e claridade de exposición, tendo sempre presente o nivel dos e das discentes, así como a dificultade dos contidos.
 - Fomento do traballo en grupo, establecido sobre criterios docentes, procurando potencia-lo reparto do traballo e a responsabilidade.
 - Utilización de estratexias que obriguen a ter presente-los coñecementos que posúen sobre o son, os instrumentos de calquera índole, a orquestra e os seus compoñentes, as formas, as características estilísticas, etc.

EVALUACIÓN

1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece-las características de cada corrente histórico estilística tratada, así como o que supón na



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

evolución do tratamento dos elementos da música.

- Recoñece-las obras escoitadas na clase, especificando claramente o autor, nome da obra, e corrente a que pertence.
- Situar correctamente as obras propostas, non tratadas na clase, en coordenadas histórico estilísticas precisas.
- Contextualiza-las obras tratadas.
- Elaborar comentarios de texto literario musical, extraendo deles as ideas máis significativas, contextualizándoos e comprendendo o seu alcance e proxección.
- Empregar un léxico apropiado, redactando con corrección e sen cometer erros na escritura (faltas de ortografía, problemas de redacción, presentacións pouco axeitadas, etc.)

2.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común, así como dos datos aportados por cada grupo de traballo ou individuo.
- Traballos individuais ou en grupo.
- Probas orais e escritas:

3.- SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

O sistema de cualificación por excelencia basearase no exame realizado, da seguinte forma:

- Serán realizadas dúas ó longo do curso, unha por cuadrimestre.
- Nelas, ademais dun tema xeral, e varias preguntas curtas, deberán comentar unha serie de audicións escoitadas, e realizar un pequeno comentario de texto.
- O tema xeral, que responde ós contidos conceptuais, terá sido impartido nas sesións de clase.
- As preguntas curtas farán referencia a calquera dos aspectos tocados na clase; ademais da exactitude da resposta, valorarase a capacidade de síntese e o emprego dun vocabulario axeitado.
- O comentario de texto deberá ser contextualizado, sinalando aqueles puntos máis destacados e relacionándoo coa corrente histórico estilística que lle corresponda; o alumnado poderá referirse, ademais, a outras cuestións que coñeza e que considere de



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

interese aportar.

- As audicións serán de dous tipos:
 - Obras escoitadas en clase: será obrigatorio recoñecelas, especificar corrente á que pertencen, autor e obra en concreto (caso de tratarse de un movemento concreto, non será esixible dicir cal)
 - Obras non escoitadas na clase: será preciso enmarcalas á perfección na corrente histórico estilística á que pertence.
- En ámbolos dous casos, é necesario comenta-las súas características, e contextualizalas.
 - O profesorado non advertirá cales das obras pertencen a un o outro apartado, isto é, se foron ou non escoitadas nas sesións de clase.
- En caso de non supera-la proba, o alumnado deberá repetila en xuño.
- Dado que se trata do último curso dos estudos superiores da maior parte das especialidades, e o carácter de materia común a todas elas (e das poucas nas que priman os contidos conceptuais), se valorará a expresión e a corrección na escritura, en forma dada a coñecer ó alumnado no seu momento, e previamente á realización das probas escritas.
- Para a recuperación en setembro da materia pendente o alumnado realizará un exame específico de todo o visto en clase. Cando por motivos xustificadas non puidera ter asistido ás sesións habituais de clase, non se esixirán os instrumentos vistos nela, pero tampouco poderá considerarse unha avaliación en igualdade de circunstancias cos examinados en xuño, con vistas a evitar favorecer a non asistencia a clase, xa que resultaría antipedagógico.
- Non quedará pendente en setembro a materia completa, senón un parcial ou dous (ou ámbolos dous, en caso de non aprobaren ningún deles en xuño), ou ben as audicións correspondentes a un parcial, outro, ou ambos.
- Outras actividades previstas servirán para subir nota, non excedendo nunca do 10% da nota final debida á media de ámbolos dous exames.
- Cada exame deberá ser superado integramente e de xeito independente. As recuperacións serán realizadas na última semana do mes de maio, e no horario de clase.

4.- PUBLICIDADE AO ALUMNADO E PAIS

O alumnado será informado do resultado dos exames á semana seguinte da realización destes. Non se exporán as notas no centro, senón que se entregarán os exames corrixiados na clase evitando, así, as

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

comparacións entre uns e outros, dada a diferenza máis que apreciable de nivel de preparación humanística entre o alumnado das diferentes especialidades, tendo en conta o actual sistema de acceso ós estudos superiores pola proba especial, que apenas pode ter en conta a cultura do alumnado, vital para as materias de índole teórica.

PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A educación ambiental será tratada a través do interese despertado polo estudo dos materiais empregados na construción de determinados instrumentos musicais, e a consideración polo silencio en calquera actividade de índole musical.

A educación para a saúde tratarase observando a práctica musical en todos os instrumentos. En xeral, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, incide positivamente no equilibrio persoal e anímico das persoas, tanto desde o punto de vista do oínte como do intérprete ou do creador.

A educación para a paz e a tolerancia é, sen dúbida, a que maior peso ten nesta materia, ó trátaren as músicas de diferentes épocas e lugares do mundo, o que abre a mente do alumnado cara outras culturas, máis ou menos afastadas da propia.

A educación para o lecer estará presente na materia xa que, ó mostrar músicas descoñecidas para o alumando, favorece o seu interese pola asistencia a concertos, exposicións de instrumentos, etc. Desde este mesmo punto de vista traballárase a educación do consumidor, desenvolvendo no alumnado unha actitude crítica ante o feito musical, a través das audicións, propiciando o aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música

Respecto á educación moral e cívica, a música posúe un destacado compoñente de contidos actitudinais baseados non só no respecto e acatamento das normas, senón tamén na necesidade da súa existencia. Na materia terase en conta a actitude de escoita ós demais, o respecto mutuo ás opinións, a puntualidade, a orde na clase, etc

TICs E FOMENTO DA LECTURA

O profesorado recomendará a lectura de obras relacionadas cos contidos estudados, sexan ensaios ou ben narrativas, considerando as revistas e publicacións en xeral de musicoloxía presentes na biblioteca do centro.

O traballo relacionado coas TIC realizarase a través da busca de información en Internet, o que permite ós e ás discentes aproximarse ós temas tratados sobre determinados instrumentos,



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA

agrupacións, culturas, feitos históricos, empregando arquivos MIDI e mp3, fotografías, visita a páxinas web de música culta, etc.

De igual forma, poderán empregar os xornais, revistas especializadas e determinados programas de radio e televisión, para completar e ampliar a información recibida en clase.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non se prevén, dadas as dificultades de organización de horarios coas outras materias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No presente curso, non hai que asumir ningunha medida excepcional de atención á diversidade, ó non contar con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Sen embargo, si se terá presente un principio de atención á diversidade máis xeral, debido á riqueza do alumnado no grupo clase. As medidas concretas a tomar serán:

- Facilitar a participación de aqueles máis coñecedores da música dos períodos tratados.
- Achegar as explicacións sobre o instrumental ó alumnado de cada un relacionado na música culta occidental, de maneira que se atenda, en cada explicación, á familia do instrumento desde os máis coñecedores del, que poden transmitir os seus coñecementos ós demais.